
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE XULLO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de Lei do solo de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a Xosé Neira Vilas, a Manuel Sánchez Salorio, a David Cal e a Enrique Beotas pola súa creación da *Sexta Provincia*.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución da Axencia Turismo de Galicia, pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2015 e 2016 e se procede á súa convocatoria, por importe de 126.495,70 €, e polo que se autoriza o establecemento de pagamentos en porcentaxe superior ao previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 23 de outubro de 2014 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de

comedor escolar no CEIP do Oroso en Sigüeiro, polo importe máximo de cinco mil dezasete euros con cincuenta céntimos (5.017,50€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en cinco centros educativos do concello, polo importe máximo de cento oitenta e un mil cincocentos sesenta euros (181.560,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo do concello, polo importe máximo de sesenta e nove mil catrocentos vinte euros (69.420,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do concello, polo importe máximo de oitenta mil cen euros (80.100,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos do concello, polo importe máximo de cento trinta e sete mil setecentos setenta e dous euros (137.772,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar para a xestión e organización do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do concello, polo importe máximo de cento once mil setecentos oitenta e catro euros (111.784,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Meaño para a xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP de Coirón-Dena, radicado neste concello, polo importe máximo de trinta e nove mil cento sesenta euros (39.160,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugar dos para a xestión e organización do servizo de comedor escolar en tres centros do concello, polo importe máximo de trinta e oito mil douscentos setenta euros (38.270,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños para a xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP Valle Inclán, radicado neste concello, polo importe máximo de dezaoto mil seiscentos noventa euros (18.690,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión e organización do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados neste concello, polo importe máximo de cento seis mil oitocentos euros (106.800,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Sarria para a xestión e organización do servizo de comedor escolar na escola de educación infantil de Sarria, radicada neste concello, polo importe máximo de corenta e dous mil setecentos vinte euros (42.720,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo do Amor- ACEESCA, da provincia de Pontevedra para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado nesa provincia, polo importe máximo de trece mil seiscentos setenta euros con corenta céntimos (13.670,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias con Persoas con Discapacidade AMICOS, da provincia da Coruña, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado nesa provincia, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense, da provincia de Ourense, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado nesa provincia, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de material sanitario destinado a prevención, limpeza e tratamento das feridas, baseado na cura en ambiente húmido, con destino as Estruturas de Xestión Integrada do Servizo

Galego de Saúde, por un importe de doce millóns cento sesenta e un mil setecentos corenta e oito euros con vinte e un céntimos (12.161.748,21 €) e un valor estimado de vinte e seis millóns cincocentos vinte mil seiscentos corenta e seis euros con corenta e catro céntimos (26.520.646,44€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a autorización para a licitación por parte da Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), para a selección de socio/s estratéxico/s cos que formalizar acordo/s de asociación para o desenvolvemento da Civil UAVs Initiative.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o convenio específico para o ano 2015 do protocolo xeral de colaboración subscrito o 1 de setembro de 1999 entre o Ministerio do Interior (Delegación do Goberno para o Plan Nacional Sobre Drogas) e a Comunidade Autónoma de Galicia.

A XUNTA APROBA A NOVA LEI DO SOLO COMO BASE PARA UN URBANISMO RESPONSABLE QUE PROPICIE A ORDENACIÓN DE TODO O TERRITORIO, O DESENVOLVEMENTO RURAL E A PROTECCIÓN EFECTIVA DA PAISAXE

- ***O Goberno autonómico remite ao Consello Económico e Social unha norma que aspira a perdurar no tempo e a ser accesible aos cidadáns, cunha redución do 31% no número de artigos fronte á lei en vigor***
- ***O texto recolle 8 de cada 10 das achegas formuladas no proceso de participación pública polos máis de 75 axentes consultados, entre eles a Fegamp e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia***
- ***A nova lei establece as medidas para que todos os concellos teñan un planeamento de calidade nun tempo razoable, acurtando os prazos de tramitación na Xunta nun 75%***
- ***Poténciase a protección e a dinamización do medio rural mediante a instalación, con garantías, de equipamentos e de actividades económicas acordes co medio, tales como o turismo e as formas de produción tradicionais***
- ***Mantense a prohibición de novas construcións en solo rústico, agás para vivendas vinculadas a explotacións agropecuarias, e apóstase pola rehabilitación como vía para fixar poboación no rural e combater a dispersión***
- ***Pasan a considerarse edificacións tradicionais as anteriores a 1975 e élévase a porcentaxe de incremento de volume permitido nas obras de rehabilitación ata o 50%, sempre e cando se respecte a altura e a tipoloxía existente***
- ***A lei contén unha aposta definitiva pola paisaxe como símbolo identitario de Galicia, poñendo o foco na recuperación do xa construído e promovendo o remate exterior das edificacións***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova Lei do solo que, baixo a premisa do urbanismo responsable, contén as bases para a ordenación de todo o territorio galego, o desenvolvemento do medio rural e a protección efectiva da paisaxe. O Goberno autonómico acordou someter este texto normativo á análise do Consello Económico e Social para, unha vez incorporadas as súas consideracións, remitilo ao Parlamento o vindeiro mes de setembro para a súa tramitación como proxecto de lei.

Esta nova Lei do solo é unha peza clave na estratexia iniciada polo Goberno galego para a posta en valor e a ordenación do noso territorio. Ademais da aprobación do Plan de ordenación do litoral e das directrices de ordenación do territorio, esa aposta fixo posible pasar dos 37 concellos con Plan xeral adaptado á norma que había en 2009 aos 83 que existen na actualidade. Neste tempo tense duplicado o número de concellos, a poboación e a superficie de Galicia que contan cun planeamento urbanístico adaptado á lei.

Para continuar por ese camiño, a nova Lei do solo ten vocación de permanencia no tempo e preséntase como sinxela, práctica e clara e pretende resultar útil e comprensible aos cidadáns. Con ese obxectivo redúcese nun 31% o número de artigos fronte á Lei de

ordenación urbana de Galicia (LOUG) actualmente en vigor, e dótase dunha estrutura e dunha linguaxe máis facilmente comprensible.

Así mesmo, a nova Lei do solo de Galicia é froito do diálogo e da participación, pois desde que o Consello da Xunta aprobou o borrador da lei o pasado mes de outubro, este someteuse a consultas de 75 axentes e foi obxecto de 30 encontros sectoriais. O resultado dese proceso de participación pública é o texto aprobado hoxe polo Goberno galego, que incorpora 8 de cada 10 alegacións formuladas desde distintos colectivos e organizacións, entre os cales destacan a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

A nova Lei do solo de Galicia establece tres obxectivos: a ordenación, para que ningún concello quede sen normas urbanísticas; o desenvolvemento do rural, como condición imprescindible para a prosperidade de Galicia; e a responsabilidade á hora de entender o construído como unha peza máis da paisaxe.

Ningún concello sen normas urbanísticas

O texto normativo que se remitirá ao Consello Económico e Social contén os mecanismos necesarios para facilitar a ordenación urbanística de todos os concellos galegos, con solucións previstas para cada tipo de municipio e pon ao seu alcance un planeamento de calidade nun tempo razoable.

Con ese obxectivo, a Xunta de Galicia elaborará ao longo de 2016 un Plan básico autonómico, que identificará o conxunto dos 33.000 núcleos de Galicia e delimitará as diversas zonas de afección sectorial. Esa ferramenta servirá de materia prima para elaborar os plans básicos municipais, cos que a Xunta porá á disposición dos concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen de planeamento, e que teñen dificultades técnicas e económicas para elaboralo, un instrumento de ordenación básico, adaptado ás súas necesidades reais de desenvolvemento.

A previsión é que a redacción deses plans básicos municipais se leve a cabo entre os anos 2017 e 2020 e podería beneficiar os 56 municipios galegos de menos de 5.000 habitantes que actualmente carecen de planeamento. Os concellos que recorran a esta ferramenta terán voz na tramitación dos plans básicos, e emitirán informes determinantes.

Os concellos de máis de 5.000 habitantes conservarán a potestade exclusiva de redactar os seus plans urbanísticos, ben que a nova lei establece medidas para facilitar e axilizar a súa tramitación. Así, os municipios pasarán a solicitar ante a Xunta un informe único en lugar dos diferentes informes sectoriais que a lei en vigor exige requirir por separado. Coa nova norma, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo será a encargada de solicitar eses distintos informes sectoriais e estes deberán emitirse nun prazo máximo de 3 meses ou entenderanse positivos, acurtando nun 75% os tempos da tramitación autonómica dos plans.

E, ao mesmo tempo, a tramitación urbanística dos planeamentos integrarase na tramitación ambiental, para dotar de maior seguridade o proceso.

Ademais, nunha aposta pola autonomía local, concédeselles aos concellos de máis de 50.000 habitantes, é dicir, as 7 grandes cidades galegas, a capacidade para aprobar definitivamente os seus plans xerais, contando cun informe preceptivo da Administración autonómica.

Un rural vivo para unha Galicia próspera

A nova Lei do solo pon o acento sobre a protección do medio rural, pero tamén sobre o seu desenvolvemento como condición necesaria para a prosperidade de Galicia, tendo en conta que o 93% do territorio da nosa Comunidade é rural.

A norma potencia decididamente o solo rústico como solo produtivo, fomentando os usos económicos que non entran en contradición coa preservación dos valores naturais e culturais propios do territorio e prohibindo as industrias alleas a eles. Así, permítese o aproveitamento do solo rústico para aqueles usos para os que resulta idóneo, como poden ser as instalacións de interese xeral (colexios, universidades, hospitais...) que precisan de moito espazo ou que pola súa propia natureza deben implantarse nese tipo de solo, fóra dos núcleos (cemiterios, depuradoras...)

Recoñécense, ademais, de forma expresa, as capacidades turísticas de Galicia, de tal xeito que, a través das ferramentas axeitadas e con todas as garantías de dotación dos servizos necesarios, se promoven as construcións e as obras de rehabilitación para usos turísticos que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.

Co obxecto de preservar os valores do contorno, as novas construcións en solo rústico, deberán axustarse aos seguintes requisitos: que o volume máximo da edificación sexa similar ao das edificacións tradicionais existentes, cunha altura máxima de 7 metros (equivalente a andar baixo e piso); que a superficie da parcela sexa, como mínimo, de 2.000 metros cadrados; que a construción ocupe un máximo do 20% do terreo; que se minimize o impacto visual e que se manteña no seu estado natural, como mínimo, o 50% da parcela.

Aposta pola rehabilitación

Para contribuír a asentar poboación no rural para dinamizalo, a lei mantense inflexible ao prohibir a construción de novas edificacións con fins residenciais en solo rústico pero permite as novas vivendas vencelladas ás explotacións agropecuarias. Así mesmo, para frear a dispersión e fomentar o aproveitamento do xa construído, apóstase con firmeza pola rehabilitación.

Con ese obxectivo, clarifícase a definición de edificación tradicional; pasan a considerarse dese xeito todas as anteriores a ao ano 1975, e nelas elévanse as porcentaxes de incremento de volume permitidas nas obras de rehabilitación, chegando ata o 50%, sempre

e cando se respecte a altura e a tipoloxía existente e introdúcense os usos artesanais, mediante actividades como os obradoiros de doces ou de xabóns, as queixarías, cerámicas, adegas ou conserveiras.

Os cidadáns veranse tamén beneficiados pola redución de cargas administrativas, posto que a maioría dos usos permitidos no rural pasarán a necesitar só de licenza municipal, quedando a autorización autonómica só para os casos en que se considera necesaria unha maior tutela por parte da Xunta (vivendas vinculadas a explotacións agropecuarias, construcións para primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario), e os plans especiais para as maiores instalacións (turísticas e equipamentos).

Finalmente, en relación coa delimitación dos núcleos tradicionais, suprímese o parámetro fixo que establece en todos os casos a liña perimetral nun máximo de 50 metros desde as edificacións tradicionais existentes, e axústase o límite ás infraestruturas e elementos naturais que haxa no lugar (estradas, ríos, etc).

O construído como peza da paisaxe

A Lei do solo contén unha aposta definitiva pola paisaxe galega como símbolo identitario de Galicia, fomentando a concienciación e promovendo o remate exterior das edificacións. Dese xeito, concederanse prórrogas ilimitadas ás licencias de edificación condicionadas a que en primeiro lugar se remate o exterior das construcións, ou no caso de que as obras non estean iniciadas.

Así mesmo, a Lei do solo obriga a que as características construtivas e estéticas das edificacións, é dicir, cuestións como os materiais, as cores e os acabamentos deberán ser acordes coa paisaxe rural, ben que serán os plans xerais de cada municipio os que establezan os requisitos concretos en cada caso.

Finalmente, a norma pon o foco na recuperación e reutilización do xa construído, fomentando a rehabilitación, a rexeneración e a renovación do existente fronte ás novas construcións.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA A XOSÉ NEIRA VILAS, MANUEL SÁNCHEZ SALORIO, DAVID CAL E A ENRIQUE BEOTAS

▪ ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, a Xosé Neira Vilas, Manuel Sánchez Salorio, David Cal e a Enrique Beotas, creador da Sexta Provincia.

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será imposta o vindeiro 24 de xullo.

Xosé Neira Vilas

Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928) é un dos escritores máis destacados da literatura galega contemporánea. Emigrado durante 43 anos, primeiro en Arxentina e despois en Cuba, os recordos da súa infancia na aldea foron o material que nutriu “Memorias dun neno labrego” (1961), o libro máis lido da historia da literatura galega. Neira Vilas seguiu retratando a vida no rural galego desde unha perspectiva infantil con “Cartas a Lelo” (1971) e “Aqueles anos do Moncho” (1977) e desde un ollar adulto con obras como “Xente no rodicio” (1965) e “Querido Tomás” (1980). Tamén é un destacado cronista da emigración, con volumes como “Camiño bretemoso” (1967).

Volveu a Gres, a súa aldea natal, en 1994. Hoxe segue publicando e a súa última obra, “Semente galega en América”, foi presentada hai menos dunha semana.

Manuel Sánchez Salorio

Manuel Sánchez Salorio (A Coruña, 1930) é oftalmólogo e exerce na actualidade como director do Instituto Galego de Oftalmoloxía. Profesor na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela desde 1956 e catedrático desde 1963, iniciou a Escola Profesional de Oftalmoloxía, coñecida como Escola Galega de Oftalmoloxía, da que saíron algúns dos oculistas máis destacados de España.

De profunda vocación humanista, Sánchez Salorio defendeu sempre unha medicina centrada no paciente.

David Cal

David Cal Figueroa (Cangas, 1982) é un piragüista, especializado nas modalidades C1 500 e C1 1000 en augas tranquilas, é o deportista máis laureado do Olimpismo español, con cinco medallas, unha de ouro e catro de prata.

Ademais, obtivo catro bronces e unha prata nos campionatos europeos de piragüismo, foi tres veces subcampión do mundo e unha campión, en 2007. En marzo deste ano retirouse da alta competición.

Enrique Beotas, creador da Sexta Provincia

A Sexta Provincia foi impulsada por Enrique Beotas (Ávila, 1955 – Santiago, 2013), un destacado xornalista e comunicador. Durante os anos 80 foi xefe de prensa de Manuel Fraga en Alianza Popular, despois sería director de comunicación de empresas como Acciona ou Unedisa. Durante dúas décadas, ademais, foi director de “La rebotica”, un dos máis destacados programas radiofónicos sobre saúde.

O amor a Galicia de Beotas, que se definía como galego malia non ter nacido nesta terra, levouno a crear “Galicia, sexta provincia”, dez volumes de entrevistas con máis de 300 galegos de adopción. A “sexta provincia” de Beotas xuntaba anualmente en Mondariz aos que formaban parte dunha comunidade que se ía facendo máis e máis grande. Da súa semente naceu este ano a Asociación Galicia Sexta Provincia.

A XUNTA AUTORIZA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN MERCADOS EMISORES

- ***As bolsas de formación en mercados emisores están destinadas á realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo***
- ***En total son cinco bolsas para as oficinas situadas en Londres, París, Fráncfort, Los Ángeles e São Paulo***
- ***Estas bolsas enmárcanse no Plan de formación que está a levar a cabo Turismo de Galicia dentro do seu Plan estratéxico***
- ***O turismo internacional rexistrou no acumulado do ano ata maio un máximo histórico tanto de volume como de peso nos establecementos regrados***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores en réxime de concorrencia competitiva. En total, son cinco bolsas de especialización repartidas nas cidades de Londres, París, Fráncfort, Los Ángeles e São Paulo.

A través da realización de prácticas nas oficinas de turismo integradas na rede de Oficinas Españolas de Turismo no Estranxeiro procúrase a formación de expertos en promoción exterior do turismo e o establecemento dunha base de apoio á captación de demanda turística a Galicia

O programa formativo desenvolverase ao longo dos anos 2015 e 2016 cunha duración máxima de dez meses contados dende a data de incorporación das persoas bolseiras. O obxectivo é fomentar o perfeccionamento profesional dos bolseiros e bolseiras mediante a realización de prácticas formativas con suxeición ao plan de formación que se lles entregará ao comezo das súas prácticas e coas indicacións que lles transmita o titor que teñan asignado.

Entre os requisitos que deben reunir os solicitantes está o de ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, a posesión de calquera licenciatura ou grao universitario ou ben da diplomatura en turismo (as titulacións deben estar finalizadas nos 4 anos naturais inmediatamente anteriores á convocatoria) e a acreditación do coñecemento da lingua galega e o dominio oral e escrito da lingua oficial do país de destino.

Aposta pola formación

A formación é unha das ferramentas mais importantes dun territorio para ser competitivos e para avanzar no camiño do progreso. No ámbito turístico esa formación é aínda máis necesaria por ser un sector que muda constantemente, con cambios importantes e cunha evolución continua para adaptarse ás necesidades da demanda.

—

Deste modo no Plan integral de turismo de Galicia recóllese o fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías como elementos claves para acadar un sector competitivo e un destino intelixente.

A aprendizaxe continua é un pilar básico e esencial para adecuarse as condicións dun sector en constante desenvolvemento e extremadamente sensible aos cambios económicos e sociais que vive un territorio como é o turismo.

De aí a aposta da Xunta por desenvolver diferentes bolsas de formación como as que hoxe autoriza o Consello da Xunta xunto coas destinadas á promoción e información turística, mediante a realización de prácticas nas oficinas de información turística de Galicia ou as de formación na Área de Estudos de investigación para a realización de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística publicados no mes de marzo.

Turismo internacional

Neste senso tamén cómpre destacar a aposta pola potenciación do turismo internacional en que esta actuación incidirá positivamente. Deste modo procúrase continuar coas cotas acadadas ata o momento de máximos históricos na nosa comunidade.

Nos últimos datos publicados polo INE do acumulado do ano ata maio, Galicia registrou un total de 330.000 viaxeiros aloxados nos establecementos regrados e 516.000 pernoitas. Isto supón un incremento do 17,4% no tocante aos viaxeiros e do 11,9% no relativo ás pernoitas en relación ao mesmo período do pasado ano.

Ademais de rexistrarse un máximo histórico no volume, tamén se registra no peso do turismo internacional en relación co total ao supoñer o 26,3% dos viaxeiros e o 23% das noites.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 831.000 EUROS AOS CONCELLOS PARA FINANCIAR O SERVIZO DE COMEDOR A 2.844 NENOS E NENAS DURANTE OS PRÓXIMOS DOUS CURSOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Santiago e Sarria, así como unha addenda de ampliación do convenio con Oroso***
- ***Deste xeito, a consellería reafirma o seu compromiso coa prestación deste servizo complementario, fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar***
- ***Tamén autorizou convenios con tres asociacións para garantir o servizo de comedor a alumnado discapacitado nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra, por un importe de case 26.500 euros***

Santiago, 15 de xullo de 2015.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Santiago de Compostela e Sarria para a prestación do servizo de comedor escolar en 40 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará a 2.844 usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos, un 16,46% máis que os beneficiados nos cursos 2013/14 e 2014/15, por estes convenios. A achega total da Consellería para estes convenios será de máis de 831.000 euros (un 11,61% máis que nos dous períodos anteriores).

Coa autorización destes convenios a consellería reafirma o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral.

Centros beneficiados

Ao abeiro destes acordos, a consellería apoiará o Concello de Ames na xestión dos comedores dos CEIP A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín, e da EEI do Milladoiro. No caso de Betanzos o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Cangas serano os CEIP Nazaret, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa. No acordo co Concello de Ferrol inclúiranse os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos, Ponzos e A Laxe, mentres que en Gondomar se inclúiran os CEIP Souto de Donas, Serra de Vincios, Xosé Neira Vilas e Chano Piñeiro.

Ademais, no concello de Mugardos benefíciáanse destes convenios os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugardesa, CEIP Santiago Apóstolo e IES de Mugardos, e do CEIP Valle Inclán, en Muíños, así como os dos composteláns CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixrei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola. Por último, no concello de Meaño o convenio beneficiará os usuarios de comedor do CEIP Coirón-Dena. Así mesmo asinarase por primeira vez un convenio co Concello de Sarria para dar servizo de comedor á escola

de educación infantil de Sarria. Tamén se autorizou unha addenda co Concello de Oroso para seguir financiando a xestión do comedor e incrementar o número de usuarios no CEIP de Oroso, en Sigüeiro.

No marco destes acordos de colaboración, a consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o departamento de Educación da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros educativos.

No último curso 14/15 Cultura e Educación destinou preto de 30 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas ANPAS. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 13.731 desde o curso 08/09, ata chegar no 14/15 ás 71.731 (comedores xestionados pola Xunta+ANPAS+Concellos).

En Galicia, o 83,47% dos usuarios dos comedores escolares xestionados pola Consellería utilizan o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día tan só a aboa un 12,3% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e accesibles para as familias de todo o Estado español.

Alumnado discapacitado

A maiores, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a sinatura de acordos de colaboración entre a Consellería de Cultura e Educación e tres entidades sen ánimo de lucro de atención a discapacitados para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar a este alumnado por un importe total de case 26.500 euros.

En concreto, a consellería asinará un acordo coa Asociación de Familias con Persoas con Discapacidade Psíquica Amigos, por un importe de 8.544 euros, para facilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo de Ribeira (A Coruña). Cultura e Educación tamén colaborará coa Asociación Autismo Ourense para atender o comedor do alumnado discapacitado nun centro educativo desta cidade, cun importe de 4.272 euros; e coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo do Amor-ACCESCA, para o comedor nun centro do Porriño (Pontevedra), cun importe de 13.670,4 €.

Estes acordos responden ás liñas de actuación do departamento educativo da Xunta de apoiar os colectivos máis vulnerables e, neste senso, o servizo de comedor escolar enmárcase no obxectivo básico de escolarización do alumnado discapacitado.

**SANIDADE DESTINA 12,1 MILLÓNS DE EUROS PARA COMPRAR MATERIAL
SANITARIO DESTINADO Á PREVENCIÓN, LIMPEZA E TRATAMENTO DE FERIDAS**

- ***A compra agregada de todos estes produtos permitirá conseguir un aforro en dous anos de 1,2 millóns de euros***

O Goberno galego vén de autorizar a contratación da subministración sucesiva de material sanitario destinado á prevención, limpeza e tratamento das feridas, baseado na cura en ambiente húmido, con destino ás Estruturas de Xestión Integrada do Sergas, por un importe de 12,1 millóns de euros.

Estes produtos están indicados nas feridas crónicas provocadas pola inmovilidade, incontinencia, alteracións cardiocirculatorias, e que afectan sobre todo pacientes en idade avanzada e con patoloxías asociadas (diabetes, demencia, etc.).

Inclúense diversas familias de apósitos de cura húmida e outro material para a prevención de feridas, tales como as cremas, películas de barreira e solución de ácidos graxos, e para a limpeza de feridas, como xeles e solucións de limpeza.

A compra agregada destes produtos, empregados en todos os centros do Sergas, permitirá conseguir unha maior eficiencia na compra -un único expediente de contratación para todo o Sergas-, e un mellor prezo de compra, o que contribúe á sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

O aforro estimado durante os dous anos de vixencia do contrato é de 1,2 millóns de euros.

Esta será a cuarta contratación tramitada polo Sergas de xeito centralizado para estes produtos.

A XUNTA FIXA OS COMPROMISOS QUE TERÁ QUE ADQUIRIR O SOCIO TECNOLÓXICO PARA DESENVOLVER O POLO INDUSTRIAL E INNOVADOR DE AVIÓNS NON TRIPULADOS DE GALICIA

- ***Economía e Industria licita o proceso competitivo en que xa mostraron interese máis de 200 empresas de todo o mundo para a investigación de tecnoloxías adaptadas ás demandas de servizos públicos como a prevención de incendios, o salvamento marítimo, a xestión do territorio ou o control do furtivismo***
- ***Os candidatos deberán xuntar ao seu proxecto de I+D un plan asociado que inclúa a colaboración con empresas galegas, a creación de emprego, a activación de oportunidades para outras industrias estratéxicas de Galicia, acordos con universidades e centros galegos e a atracción de investimentos***
- ***O investimento total da Xunta ata 2020 será de 45,5 millóns de euros, que se suman aos 10 millóns destinados en colaboración co Inta ao centro de investigación de Rozas (Lugo)***
- ***Os días 20 e 21 deste mes as empresas interesadas daranse cita en Santiago para coñecer a fondo a convocatoria e establecer contacto entre elas***

A Xunta de Galicia vén de facer públicos os criterios que aplicará na selección do seu socio tecnolóxico, xa sexa unha empresa ou un consorcio, para a posta en marcha do polo industrial e innovador en avións non tripulados que, ademais dun traballo de investigación a cinco anos, implicará a adquisición de compromisos firmes de colaboración con empresas galegas do sector.

Estes criterios están recollidos na licitación da Consellería de Economía e Industria, autorizada hoxe polo Consello e coa que se inicia un proceso competitivo en que amosaron o seu interese máis de 200 empresas de todo o mundo entre as que se atopan grandes multinacionais do sector da aeronáutica. O dito proceso, que contará cun investimento público de 25,5 millóns, conducirá á selección do socio que actúe como cliente lanzador e validador de novas solucións para retos tecnolóxicos relacionados coa prestación de servizos públicos.

Entre estes retos figuran a prevención e extinción de incendios, o salvamento marítimo, o inventariado e a xestión intelixente do territorio, o control do furtivismo, a vixilancia costeira e a xestión eficiente de emerxencias e fluxos turísticos. Así mesmo, o coñecemento obtido permitiralle a Galicia posicionarse con vantaxe no desenvolvemento e fabricación de tecnoloxía exportable a nivel mundial.

Neste sentido, as empresas que opten a ser seleccionadas como socio tecnolóxico deberán detallar, ademais do proxecto de I+D proposto para abordar estes retos, os recursos que achegarán –tanto económicos como de capacidades, instalacións e persoal-, e os compromisos que adquirirán para provocar un impacto socioeconómico relevante e sustentable tanto en Galicia como na comarca.

—

Por este motivo, resultarán prioritarios os compromisos de colaboración co tecido empresarial galego do sector, desde a integración inicial de pemes ata a capacitación e homologación posterior de provedores. Tamén se valorarán especificamente a implicación de sectores estratéxicos con potencial de diversificación, como o naval e a automoción; a creación de emprego; a capacidade de atracción de investimentos complementarios; os acordos con universidades e centros de investigación galegos; o impulso de *start-ups* a través de iniciativas propias como a creación dunha incubadora en Rozas ou mediante acordos coas universidades; e a organización de actividades de divulgación como visitas de colexios ás instalacións ou demostradores de tecnoloxía destes avións en diversas localidades galegas.

Pola súa banda, ademais do investimento de 25,5 millóns, o Goberno galego facilitaralle ao socio tecnolóxico o acceso ás instalacións do aeródromo de Rozas, incluíndo o Centro de Investigación Aerotransportada inaugurado grazas a un investimento conxunto co Inta de 10 millóns de euros.

Workshop en Santiago

Neste contexto, cómpre salientar que os vindeiros días 20 e 21 de xullo as 200 empresas que manifestaron o seu interese participarán en Santiago nun *workshop* organizado por Economía e Industria para explicar en detalle o proceso e poñer en contacto aos participantes. Estas xornadas supoñen unha ocasión inmejorable para que empresas e centros de investigación galegos establezan alianzas cos candidatos a socio tecnolóxico do polo de cara a presentar as mellores ofertas posibles.

O proceso aberto hoxe continuará coa publicación da convocatoria nos diarios oficiais galego, estatal e europeo (DOG, BOE e DOUE), e posteriormente materializarase na selección dunha lista curta de potenciais socios tecnolóxicos cos que se iniciará un diálogo para negociar e optimizar as súas propostas, e que mesmo pode implicar a fusión de licitadores por invitación da Xunta. A fase competitiva irá cribando candidatos ata rematar coa sinatura do acordo cun ou varios socios tecnolóxicos individuais ou consorciados.

Paralelamente, levarase a cabo a fase de consultas ao mercado autorizada tamén hoxe para que as empresas do sector presenten propostas para o proceso de compra pública innovadora de tecnoloxías innovadoras pero xa desenvolvidas por valor de 20 millóns de euros, co mesmo obxectivo de mellora de servizos públicos. Esta contía completa un investimento total da Xunta de 45,5 millóns ata o ano 2020 para converter Galicia en referente europeo na innovación en avións non tripulados.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE DESTINARÁ 490.000 EUROS A PROGRAMAS DE PREVENCIÓN, REDUCIÓN DE RISCOS E REINSERCIÓN SOCIO-LABORAL DE DROGODEPENDENTES

O Consello da Xunta vén de tratar, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade referido ao convenio específico para o presente ano do protocolo xeral de colaboración suscrito no ano 1999 entre o Ministerio do Interior (Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas) e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a adxudicación de fondos con créditos provenientes do Fondo de bens comisados por tráfico de drogas e outros delitos.

Tal e como se recolle no informe, estase a asinar o convenio para 2015 que, en Galicia, se concretará nun financiamento global de 490.000 euros dedicados ao desenvolvemento dos seguintes programas:

- De prevención do consumo de alcohol e outras drogas en contextos de ocio nocturno e de botellón en Galicia, por un importe de 50.000. euros.
- De prevención dirixida á redución de riscos e diminución de danos en drogodependentes en situación de emerxencia social, cun total de 114.000 euros.
- De seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceradas (Programa Itínere), con 88.000 euros.
- De atención xurídico-social en trastornos adictivos con problemática legal asociada, por 158.000 euros.
- De incorporación sociolaboral no paciente con trastornos adictivos, con 80.000 euros.

Cómpre subliñar que, no mes de xaneiro deste ano, o Consello de Ministros aprobou os criterios de distribución para o 2015 do Fondo de Bens Comisados. En particular, e no que se refire ao ámbito dos programas de prevención de toxicomanías, asistencia a drogodependentes e inserción laboral destes, decidiu dedicalos as seguintes actividades:

- Programa de sensibilización e prevención, sobre todo os referidos á prevención de enfermidades transmisibles asociadas ao consumo de drogas inxectadas e aos problemas xerados polas novas substancias e polos novos patróns de consumo.
- Programas asistenciais e de inserción sociolaboral dirixidos a menores afectados ou en situación de risco, drogodependentes con problemas xudiciais ou internados en institucións penitenciarias e poboacións de alto risco.
- Programas de formación de profesionais, voluntarios e mediadores sociais en prevención, asistencia e inserción sociolaboral das persoas drogodependentes.
- Proxectos de investigación en drogodependencias.
- Proxectos sobre drogodependencias que inclúan a perspectiva de xénero.
- Programas e actuacións de cooperación internacional nestas materias.

—

Por último, Sanidade destaca a excelente coordinación que existe entre o Plan nacional sobre drogas e a Administración sanitaria galega. Esta excelente coordinación vén de quedar plasmada na concesión ao comisionado do Plan autonómico de drogas de Galicia, Jorge Suanzes, da Cruz Branca da Orde do Mérito do Plan nacional sobre drogas, pola colaboración prestada no exercicio do seu cargo á Comisión Interautonómica da conferencia sectorial do Plan nacional sobre drogas, contribuíndo ao impulso e desenvolvemento da Estratexia nacional sobre drogas.